

Altamira



CONCELLO DE BRION

NOVEMBRO-1985

ANO-I

Nº 1

EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N

Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA

SUMARIO

	Páxina
Editorial	2
Entrevista	5
Galicia vota o seu futuro...	5
Agrupación de minusválidos	6
Noticieiro	7
Os nosos cruceiros	11
Grupo Traballo Forestal ...	12
Pasatempos	13
Biografía de Pedro Muñiz ..	14

EDITORIAL

Xa pasou o susto que se tén, sempre que se comeza unha empresa, pola dúbida que xurde en todos nós respecto a se sairá ben ou non, o proxecto que tiñamos pensado.

Tódolos que, de algún xeito, colaboramos con Altamira, vímolos sair con ollos de pai que están atentos ós primeiros pasos que da un fillo; cambaleantes, e ó mesmo tempo decididos, desorientados mais sen perder o equilibrio, pequenos mais sen deterse nunca...

A pesar da comprensible preocupación pola resposta da xente, esperabamos que ésta fora favorable... Acertamos plenamente...

Todo foron felicitacións e parabens, ofrecemento de axudas e colaboracións. Ou, alomenos, iso foi o que nós escoitamos...

Con todo iste novo caudal de forzas comenzamos a traballar este segundo número, máis decididos aínda a seguir adiante a cumprí-lo obxectivo que nos marcamos ó primeiro: Coñecer millor a nosa realidade para tratar de melloralala.

Neste sentido, o Concello brindou amablemente a súa axuda para asegura-la vida de Altamira permanentemente para que non dependa da súa venda.

Altamira chegará a tódolos viciños de Brión, como o primeiro número, gratuitamente para que cada familia saiba o que acontece ó seu arredor.

Altamira pasa a ser con este apadriñamento municipal, un servicio máis para tódolos viciños, por onde chegue a todos o que a todos nos importa; podéndose, ademáis, expoñer nela o sentir de cada ún e, deste xeito, podelo escoitar todos.

ESTADÍSTICA DO ANÁLISE DO...
ESTADÍSTICA DO ANÁLISE DO...
ESTADÍSTICA DO ANÁLISE DO...



Inquedanzas da presidenta da Asociación de Pais

Natural de Bastavales, Esther, é unha muller que adica o pouco tempo que lle resta do seu traballo profesional e familiar a levar adiante a Asociación de Pais do Colexio de Brión, dende o ano pasado.

Xa dende xóven, cando era estudante, ofrecía a súa axuda na organización de actos parroquiais, cumprindo así coa obriga que, por aquel entón, a súa millor preparación lle esixía para cos viciños.

Licenciada en Bioloxía, está a impartir clases no Instituto de Bacharelato na localidade de Padrón. Nai de dous fillos, confesa que entre os seus entreteñementos favoritos está a lectura e, sobre todo, o coidado da súa familia.

Ofrécese a dar resposta ás nosas preguntas pra facer chegar a todos os pais unha chamada á colaboración coa asociación, e unha maior preocupación pola educación dos nosos fillos ó traveso da colaboración cos mestres do

Colexio.

P.— ¿Podería falarnos un pouco de como foi ata agora a historia da asociación?

R.— É moi pequena, xa que se refire a un ano escaso. Naceu a mediados do 1º trimestre do curso pasado conscientes da necesidade de achegar os pais ó colexio, de establecer un diálogo cos mestres, de que eles se sintiran apoiados no seu labor e de traballar conxuntamente.

P.— ¿En qué aspectos do proceso educativo cre vostede que é necesaria a intervención dos pais?

R.— Os pais deben de estar en contacto constante co colexio, pero non co debezo de vixialo todo e crítico todo. Hai cousas en que os pais teñen que saberen estar ó marxe porque son de réxime interno e a solución compete exclusivamente ós profesores e á Dirección do centro. Pero os pais teñen unha misión moi ampla que podemos resumir nunha

palabra: colaboración

- na organización de actividades
- con aportacións económicas para levar a cabo esas actividades, xa que o colexio só non podería
- dando ideas e axudando a resolver problemas en outros aspectos, como comedor, disciplina, deportes, escolarización dos rapaces (problema grande aquí en Brión) e tamén comunicándolle á Dirección calquera irregularidade que se vexa.

Resumindo: penso que o papel dos pais non é enfrentarse co colexio, senón ofrecerse a él para traballar en equipo.

P.— En moitos colexios a función das asociacións case se reduce á venda de libros. ¿Non cre que a derivación das asociacións hacia actividades mercantiles é un pouco desvirtua-lo seu sentido e valeira-lo seu contido?

R.— Nunca debe convertirse no fin primeiro dunha asociación a venda de libros. Faise porque os libros son caros e o mes de setembro, ca posta a punto de todo o que necesita o neno de cara ó curso que empeza, obriga ós pais a facer un desembolso grande de cartos. E todo o que repercute en beneficio dos pais, será tamén bo para o neno. Pero debe ser sempre un obxectivo secundario dunha APA.

P.— A Lei Orgánica do Dereito á Educación (LODE) que está a implantarse axiña, recoñece e regula a participación dos pais na xestión dos centros escolares, sinalándosele unha maior responsabilidade. ¿Está a APA de Brión en condicións de asumir-lo reto educativo que implica a LODE?

R.— A APA non somos os dez que nos reunimos periódicamente para traballar. Somos tódolos pais asociados. E eu vexo moita falla de interés. Cando convocamos asamblea xeral ou se organiza algunha conferencia para pais, a asistencia é mínima. Os que estamos ó frente neste momento, non sei si estamos preparados, pero intentaremos seguir traballando e aprendendo para facelo cada vez mellor. O importante sería que, despois de nós, viñeran outros para que esto non morra e que sempre pais e mestres traballen xuntos creando un ambiente axeitado para que o neno se desenvolva integramente, como persoa e como estudante.

P.— A LODE establece a participación dos pais a traveso do CONSELLO ESCOLAR, no que representarán un tercio dos seus membros. Unha das funcións deste Consello é aproba-lo regulamento de réxime interno, no que se establece o comportamento dos rapaces no colexio. Neste sentido, ¿cómo considera o nivel de disciplina e

educación do noso colexio?

R.— Penso que é normal. Pero ría que a responsabilidade meirande tá nos pais, no que se vive na casa. esta idade son eles os que en primeiro gar van modelando ó neno, a súa orma de ser. Son os que lle van ensinando a coñecer, antes que alguén, o que está ben e o que está mal. Para min, aínda con ser moi importante a misión do mestre (que, ó mesmo tempo que lle explica unha determinada materia, debe ensinalle a ser unha persona íntegra), o papel dos pais paréceme fundamental.

P.— ¿Qué nivel de rapaces, despois de rematar E.X.B., continúa estudando?

R.— Aumentou bastante o número de rapaces que inician estudos de U.P. ou Formación Profesional. Pero poucos consiguen rematalos. Quizais tamén o elevado número de ausencias sexa a barreira ca que topan e lles impide continuar.

P.— ¿Considera que os pais deberían facer máis esforzo para que máis nenos, ó rematar no colexio, poideran continuar os estudos de U.P. ou F.P.?

R.— Eu creo que calquera pai responsable fai o imposible para que o seu fillo teña unha vida mellor ca que él mesmo. Penso máis ben que a veces son os fillos os que teñen pouca constancia, pouca capacidade de esforzo, e así vén o fracaso, quizais porque ata ese momento déronllo todo feito e, pola pouca idade, non comprenden que para conseguir algo hai que loitar sempre.

P.— A droga e a delincuencia son riscos nos que a nosa xuventude se atopa a saír das escolas e non ter traballo. Como traballa a APA para, dalgún xeito, evitarlle á mocidade estes riscos?

R.— Pois primeiro, informando. Iba estaba previsto unha conferencia o ano pasado sobre a droga e o alcoholismo. Ia vir un ex-alcohólico a falar cos nenos e cos pais. Despois non puido ser. Intentáramos este ano. E despois fomentamos neles a unión polo deporte e outras actividades que os teñan ocupados e ilusionados.

P.— ¿Pensa que as actuais relacións dos pais cos profesores son as máis adecuadas, ou aínda poderían mellorarse?

R.— Creo que non poden ser melloras. Sempre están abertos ó diálogo, a explicarnos calquera punto que nos teñamos confuso. Durante o curso pasado adicaron moito do seu tempo libre a prepararen con nós actividades. Resumindo: creo que as relacións colexio-APA chegaron a un nivel de cordialidade e colaboración inusualmente alto, que non deberían decaer

nunca por ben de todos e, en primeiro lugar, dos nenos.

P.— Ó entender da Asociación, ¿cales son os principais defectos que atopan no funcionamento do Colexio?

R.— O problema máis importante que temos hoxe é a masificación. Tres aulas funcionando fóra do recinto escolar e as clases ategadas de rapaces. Nestas condicións non se pode traballar ben.

P.— ¿As queixas dos pais hacia o colexio, cara a que van dirixidas fundamentalmente?

R.— Na última assemblea xeral que tivemos, os problemas plantexábalos o transporte. Algunha vez foi o comedor, pero cáseque sempre cousas moi ailladas, de pouca importancia.

P.— Dado o nivel medio da nosa zona, ¿considera excesivos os gastos que os pais desembolsan cada ano na educación dos seus fillos?

R.— Creo que o mes de setembro é algo duro para ter que mercar libros, pero o resto do ano os gastos son mínimos. Hai algúns colexios onde os pais aportan unha axuda mensual para o comedor, pero aquí é totalmente gratis.



P.— Respecto do profesorado, ¿considera que en xeral ven cumprindo ben?

R.— Eu estou convencida de que si. O que pasa é que, ás veces, o fracaso dos nosos fillos achacámolos exclusivamente ós mestres e non pensamos que tamén nós, con toda seguridade, somos responsables.

P.— ¿O Concello, co porcentaxe que adica a educación, cre que cumpre ben coa súa obriga?

R.— Máis que de abondo. Cando distribúen os cartos do ano, asignanlle á APA unha cantidade que, se non gastamos, emprégana eles noutros fins. Pero non é só a axuda económica a que recibimos, senon de todo tipo. E a mesma actitude mantena cara o Colexio.

P.— ¿Con qué medios financeiros conta a APA e en qué os invirte fundamentalmente?

R.— O que aportan os socios (600 pts. cada ún) e o que nos da o Concello. O curso pasado fíxose unha donación de 20.000 pts. para a biblioteca do colexio. Participamos nos gastos de conferencias, excursións, día das letras galegas, etc.

Este ano prometémoslle ó Colexio a nosa colaboración económica para que Brión poida ser sede dos Xogos Escolares Intercomarcais, o que traerá grandes beneficios en instalacións deportivas para o colexio.

P.— ¿Cómo levan a organización do traballo que realizan?

R.— A xunta directiva da APA reunímonos unha vez ó mes por término medio para analizar os problemas que hai e trazar un plan de traballo para o mes seguinte. As actividades destes días van encamiñadas a solucionar os problemas de transporte e prepara-la candidatura para as eleccións de representantes de pais ó Consello de Dirección e Xunta Económica.

P.— ¿Teñen un alto grado de afiliación ou, polo contrario, comparado con outras zonas, é moi baixo?

R.— O curso pasado tiñamos poucos socios, só 140. Eu creo que este ano vai a aumentar moito.

P.— O comedor escolar. Coa LODE váiselle dar máis participación ós pais. ¿Cómo pensa que funciona o noso?

R.— Creo que está funcionando ben. O ano pasado fomos varios días a ver como comían os nenos: a cantidade, a calidade e variedade de menús, e os resultados foron satisfactorios.

Eu aproveito para suxerirle os pais que, cando vexan calquera irregularidade, lla comuniquen á directiva da APA e non se adiquen a facer comentarios por aí adiante, porque, con elo só consiguen desacreditar-lo colexio, e os máis perxudicados son sempre os nenos.

P.— Moitas gracias polas súas respostas.

R.— A vostedes...

O 24 de Novembro

Galicia vota o seu futuro



(Arquivo "El Correo Gallego")

Ramón Pais Mareque

Este ano, por segunda vez consecutiva, o pobo galego vai eleixir os seus representantes para o Parlamento galego.

Aínda dándolle a este acontecemento o carácter de "normal" dentro do novo orde político, e sabendo que case toda a xente está afeita a escoller a papeleta do seu partido político e depositala na urna con un sentido de responsabilidade política, convén, ademais, non esquecer o protagonismo, cada vez maior, que o autogoberno de Galicia ten no seu Progreso e desenvolvemento.

A España das Autonomías que disfrutamos hoxe, é un logro histórico dos máis importantes e dos máis reclamados, desde hai séculos, por tódolos que defenden a tesis de unha España composta por pobos diferentes, con falas diferentes, formas de pensar e facer diferentes que configuran unha realidade política, económica e social tan diferente de unhas comunidades a outras, que as solucións ós problemas que plantexaban non se podían resolver con fórmulas únicas para todo o Estado, como se veu facendo desde séculos desde Madrid.

A responsabilidade dos primeiros gobernos autonómicos, tanto en Galicia como nas outras comunidades, é moi grande; non tanto polos logros materiais esperados, como polo sentimento de inoperancia e inutilidade que pode despertarse na xente se non se consegue facer ver que as Autonomías son realmente un medio eficaz para acabar coas desigualdades rexionais

causadas polo excesivo Centralismo político, e o medio máis idóneo para satisfacer as nobres e antigas aspiracións, dos diferentes pobos que configuran España, de poder ter a posibilidade de dar solucións axeitadas ós problemas reais de cada comunidade.

A valoración destes catro anos de xestión autonómica levada a cabo polo goberno da Xunta de Galicia, hai que facela tendo en conta os plantexamentos anteriores, e ver ata que punto o sentimento de eficacia e operatividade da Xunta favorece unha resposta positiva hacia o sistema das Autonomías.

Aínda que moitas cousas sexan disculpables polas dificultades coas que atopa calquer primeiro goberno, outras hai que achacalas á falta de capacidade para encontrar solucións e a mala xestións de algunhas consellerías.

Os problemas de Galicia son moi fondos e antigos:

Primeiro; o excesivo peso do mundo rural con sistemas pouco rentables de explotacións e moita man de obra; **segundo**, a crise dos sectores industriais tradicionais, xa poucos de por si, como son o pesqueiro e asteleiros, sometidos a limitacións da súa actividade ou no proceso de reconversión; **terceiro**, os desequilibrios inxustos xerados pola deixadez e a mala administración en Galicia que facía que, por exemplo, mentras eramos das primeiras comunidades produtoras de electricidade, fomos as últimas en dispoñer deste servizo con unha rede con suficiente potencia, e que chegase a tódolos currunchos; **cuarto**, a falta de planificación para que os principais recursos naturais —madeira, carne, leite,

aforros dos emigrantes...— non marcharan de Galicia para xerar fóra dela os postos de traballo, namentras os nosos traballadores tiñan que emigrar a Europa; **quinto**, o atraso cultural educativo que coloca a Galicia entre as comunidades con maior número de analfabetos.

Frente a todos estes graves problemas, moitos temos a sensación de que pouco se fixo na procura de atopar solucións desde a Xunta. Namentras, vimos coma moita xente, máis que atender o ben de Galicia neste histórico intre, trata de facer carreira política buscando ocupar altos cárrigos no goberno autonómico, sen titulacións, nin cualificación para poder exercelos con un mínimo de eficiencia.

O noso primeiro goberno galego non soubo frear a tempo esta avalancha de demanda de cárrigos e ambicións personais de xente pouco capaz, que encontrou na falta de selectividade rigurosa da Xunta o único medio de medrar a costa de facer inoperantes departamentos que esixían unha alta preparación técnica, dada a complexidade que tiñan os paquetes de competencias traspasados á Xunta.

Esta falta de seriedade e rigor na selectividade foi moi denunciada na prensa rexional, que peca de condescendencia co actual goberno galego, en numerosas ocasións, e onde se palpaba craramente o amiguismo que rexía o outorgamento dos postos da Xunta.

O remate de cada xestión, calquera goberno que espera saír eleixido novamente, debe transmitir a confianza no seu proxecto político, onde se expresan as solucións a tódolos problemas da comunidade, así como os logros alcanzados en cada ún deles ata agora. Mais, temos a sensación de que a falta de ideas e solucións, quere se disimular con un despregue de moitas obras a un tempo: estradas, pontes, camiños, edificios. Coma nos vellos tempos franquistas, para xustifica-lo slogan de "Galicia Camiña", cando para os verdadeiros problemas non se albisca unha solución crara e pronta.

Galicia téñ un futuro difícil e cheo de retos que hai que afrontalos con persoas preparadas e responsabilizadas ca súa realidade, e que non caía no electoralismo fácil de presentar obras vistosas de última hora que escondan a ineficacia e incompetencia de catro anos.



¡Xa é hora que nos abran as portas!

A agrupación de minusválidos de Brión busca un reencontro coa sociedade

ORIXE E FINALIDADE

Esta agrupación naceu o día 28 de xuño de 1982 por impulso dun fato de minusválidos da comarca da Amaia coa primeira finalidade de achegar o asociacionismo a este sector marginado da sociedade a conseguir os nosos fins, que son, nin máis nin menos, que defende-los nosos dereitos, a nosa integración no conxunto da poboación, integración no traballo, na escola, na vida cotidián... É, polo tanto, a finalidade da nosa asociación puramente social e reivindicativa.

Defendemos os intereses do minusválido do medio rural, tan esquecidos por todos.

A Agrupación foi legalizada o 12 de xullo de 1982 e o día 29 de xaneiro de 1983 fíxose a primeira Xunta Xeral, na que saíu nomeada a Directiva que aínda hoxe dirixe a marcha do grupo e que está presidida por Manuel Vilariño Vázquez.

Considerando os nosos obxectivos vemos pequenas metas conseguidas. De momento, os minusválidos da comarca sintense máis amparados e teñen un punto de referencia, un apoio a onde acudir nas súas inquedanzas.

A nosa Agrupación, xunto con outras de toda Galicia foi unha firme impulsora dos servizos sociais de base, creados pola Xunta de Galicia para os concellos da área rural. Do que funciona no noso Concello fomos impulsores e colaboradores desde o primeiro momento.

Asimesmo, asistiuse a moitas reunións con outras asociacións da provincia e de toda Galicia, así como a congresos sobre da nosa problemática, entrevistas con diversas autoridades, etc.

SERVICIOS E ACTIVIDADES QUE OFRECE OS SEUS ASOCIADOS

Trátase sempre de dar información puntual a tódolos asociados, das iniciativas institucionais, axudas individuais, axudas de promoción de emprego, información ás empresas que collen minusválidos, etc.

Tódolos anos prográmanse excursións co obxecto de que poidamos saír, relacionarnos, xa que nestas saídas poden acompañarnos tódolos viciños, socios ou non. Por outra banda, aténdense algunhas necesidades moi concretas de subsistencia, con peque-

Os minusválidos buscan no asociacionismo reivindicar-lo dereito a ser persoas activas e útiles á sociedade...

As súas demandas son unha chamada á sociedade que os margina e relega a cidadáns de segunda fila ó non poder acceder en igualdade de condicións á educación e ó traballo.

nas cantidades, dada a nosa precaria situación económica.

Por Nadal repártese entre os socios unha participación de lotería.

No vindeiro inverno farase unha campaña de prevención da minusvalía e subnormalidade, da que se informará debidamente no seu momento.

SOCIOS

No ano 1983 tiñamos 102 asociados; no 1984, 132 e na actualidade andamos polos 137, dos que algo máis da metade son socios protectores.

FINANCIACION

Os primeiros gastos, no 1982, foron costeados polo concello de Brión. Tan pronto como se legalizou a Agrupación, o Concello fíxose socio protector co número un con unha cuota anual de dez mil pesetas. Contamos ademais cas cuotas dos socios e algúns donativos de entidades particulares.

Axudas institucionais: vimolas recibindo desde 1983, da seguinte maneira: Para os gastos de 1982, o INSERSO (Instituto Nacional de Servizos Sociais) concedeu dez mil pts. Para 1983, recibíronse cen mil pts. de subvención da Consellería de T. Seguridade Social e Emigración, que concedeu tamén para 1984 setenta e cinco mil pts. e tén aprobada a mesma cantidade para este ano.

Agrupación de Minusválidos de Brión.



Romería de Santa Minia

Numerosos devotos acudiron a este tradicional encontro

Un espléndido día favoreceu que este ano, como é tradicional dende hai máis dun século, numerosos devotos da Santa acudiran o 27 de setembro —día da súa celebración— ó redor da súa Capela de Brión, atraídos pola sona dos numerosos favores e grazas que concede a súa intercesión.

Xa dende a víspera, pulpeiros, moínantes, churreiras, rosquilleiras, votadoras de sortes, tómbolas, carruseles, tiouvivos... coas súas megafonías electrónicas chaman ó personal para ofrecerlle tódalas ledicias que a imaxinación, a sorte e o estómago poden recoller.

O día da Santa, os rapaces corrian dun lado para outro, para ollar todo ise mundo de imaxinación que, dende moi cedo, se espalla pola carballeira, ofrecendo toda unha gama variadísima de produtos tradicionais e exóticos.

No medio da romaría mis-

túranse nun cambalache contínuo, ofrendas tradicionais de velas, estampas e medallas en honra da Santa, coas pulseiras, collares, elefantes, radios, calculadoras e relós que ofrecen os negros africanos cos seus postos de venda ambulantes. Os marroquis, coas alfombras e tapices ó lombo, pasean por entre a xente cúa intención de traspasarllos a un bon precio, que baixan de contínuo cando non se lle mostra moito interese por mercalla.

Rosquilleiras e pulpeiros chaman á xente nun intento de despertarlles a fame entre o aturdimiento dos altavoces de tómbolas e barracas coas súas sireas e músicas estrondosas.

Preto da Capela da Santa, rezos, cántigas e ofrendas piadosas. Ó mesmo tempo, devotos enfervorecidos fan ofrendas á Santa por medio das mortificacións que supoñen o andar anxionllado ó redor da súa capela.

PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA ESTRADA DOS ANXELES

Ó mesmo tempo que se vai levar a cabo o arreglo da Estrada xeral de Noia, vaise facer a urbanización do tramo que vai desde TREMO ó cruce dos

ANXELES, e que por un valor de 27 millóns de pesetas incluírá na primeira fase, a pavimentación de aceiras e colocación de alcantarillado.

Para este proxecto, a Alcaldía xa levou a cabo unha primeira reunión cos viciños coa finalidade de explicarlles detalladamente todo o alcance das

Xogos de azar, timos, nenos pedichóns, xitanas que botan a boaventura, fisgóns... configuran, nun mar de xente que cobre toda a carballeira, este tradicional encontro nunha das máis afamadas romerías que se conservan en Galicia.

Os fogueteiros de fama contribúen a acrecentala barullo cos cadenciosos e estrondosos estoupidos das súas artesanais bombas de palenque, que sinalan o comezo e o remate de tódolos actos en honra da Santa, e deixan os oídos tembrando, dada a potencia dos seus artiluxos pirotécnicos.

A Banda de música, coas súas pezas sinfónicas, pon, por momentos, un toque de harmonía sonora, que fai a ledicia dos oídos, despois da tortura contínua de berros, altavoces, rebumbio de xente... que é o miolo de tódalas romerías.

O mediodía, os campos próximos á Capela, enchéronse de xente que, enriba de limpos manteis tendidos sobre a herba, improvisaban unha mesa familiar no chan, onde extendían os manxares cociñados o día anterior, e que xantaban ó ar libre, baixo as acolledoras sombras de carballos, piñeiros e salgueiros, espallados polos ribazos e cortiñas.

Pola serán, a xente descansa tumbada nos ribazos, a sombra, escoitando os contos e historias populares relacionadas coa tradición da Santa. Milagrosas curacións, escorrentamentos de meigallos, grazas obtidas coa intercesión da Santa... forman a base desas historias onde a imaxinación rica do pobo galego e a deformación histórica da tradición, da pé as lendas máis inverosímiles que se contan, pola gran fe que teñen os seus devotos, coma historias verdadeiras.

Xa anoitecido, as parexas de xente que sintíanse xóvenes, deixábanse arular, baixo as lumieiras de coores, polo ledo són das melodías dos conxuntos musicais, e o dulce aire da cálida noite.

obras, así como a cada propietario as fincas afectadas polo proxecto.

Nunha segunda fase, espérase poder aborda-lo alumeado público e para o que seguramente convocarase de novo a tódolos viciños co ánimo de conquistar a súa colaboración.

CAMPAÑA MUNICIPAL DE BACHEADOS DE ESTRADAS E PISTAS

Estase a rematar a campaña municipal de bacheado das estradas e pistas que se está levando a cabo dende o mes de maio deste ano, aproveitando o bo tempo, descontando as pequenas interrupcións orixinaldas polas demandas urxentes ou debido ós períodos de festas.

Esta campaña de atención continua ó estado das pistas é moi importante xa que supón, primeiro o mantemento deste importante servizo que cumpren as estradas na comunicación de tódolos lugares nas condicións adecuadas para o seu uso durante todo o ano, segundo supón un importante aforro para tódolos viciños por que rebaixa o desgaste dos vehículos, e terceiro, e máis importante, é que este pequeno gasto anual, que supón cada estrada e cada pista, aforra despois un gasto maior.

Esta campaña estase levando a cabo polo equipo municipal de obras que chega a distribuír ata 40.000 kilos de asfalto no día

SATISFACCION NA PARROQUIA DE ONS POLA APERTURA DUNHA NOVA PISTA

Na parroquia de Ons estase á espera da redacción final do proxecto dunha pista que unirá a parroquia de Ons, do noso Concello, coa de Agrón, do Concello de Ames, e que supón un gran servizo para tódolos viciños.

Ata agora os 4 propietarios afectados polo paso desta pista cederon os terreos para que se poidera contar con esta importante vía de comunicación, que é un beneficio para todos, sen ningún tipo de obstáculo e tratando de que fose adiante canto antes.

Nembargantes, parece ser que un só viciño oponse a ceder os terreos, co que se está dificultando moito o comezo da obra.

Por fontes municipais cóñcese, que para rematar iste atranco estase a elaborar un proceso de expropiación forzosa contra este propietario que está poñendo dificultades.



Pendiente da construción do novo Colexio en Viceso

Iste ano funcionarán tres unidades fora do Colexio

Iste ano, por falta material de espazo, o Colexio público de Brión véuse obrigado a desplazar tres unidades fora do recinto escolar.

O motivo para ter que recurrir a esta solución, está determinado polo crecemento do número de rapaces que, ano tras ano, foi creando un problema de espazo e que xa o ano pasado houbo que recurrir o habilitamento do gimnasio como aula escolar, a pesar de levar xa varios anos funcionando unha unidade nas escolas vellas da localidade de Brión.

O exceso acumulado de alumnos provocou este ano tan grave problema, que tivo que recurrirse, coma única solución, á habilitación de dúas unidades fora do recinto escolar, ademais da que xa viña funcionando, co que fan un total de tres unidades que recibirán o exceso de alumnos.

As dúas unidades máis habilitadas polo Concello están situadas, unha nas escolas vellas, ó lado da que xa viña funcionando, e, a outra, dentro do edificio da Cámara Agraria.

As dúas unidades das escolas Vellas, escomezaron a funcionar normalmente dende principio de curso. A terceira, a do local das Cámaras Agrarias, está de momento a espera do nonbramento de profesor, polo que os rapaces, mentras,

siguen no Colexio na aula do Laboratorio.

Os alumnos destinados para estas aulas son os do ciclo medio, do quinto nivel, xa que se buscou que, o non poder ser os alumnos do ciclo superior, sexto, sétimo e octavo nivel, por ter que alternarse continuamente os profesores para impartir as súas materias, foran os máis grandes do ciclo medio.

Para solucionar definitivamente o problema de exceso de alumnado no Colexio, o Concello de Brión xestionou, hai tempo, a construción dun novo Colexio para as parroquias de arriba, Ons, Viceso e Cornanda, que se ubicará en Viceso, onde xa moitos rapaces están obrigados a ir o Colexio de Negreira mentras outros veñen o de Brión.

Para o escomezo da construción deste novo Colexio, estáse á espera da súa confirmación definitiva, dun momento para outro, no Diario Oficial de Galicia.

O novo Colexio de Viceso recollería a tódolos rapaces das parroquias de arriba que veñen a Brión e máis-los que van ó Colexio de Negreira, traendo como consecuencia, ademais de unha mellor distribución do Servizo escolar con dous Colexios, unha mellora importante na relación espazo escolar e alumno, no actual e sobrecargado Colexio de "Pedouzos".

Cursos de Formación Profesional

Están a comezar, organizados polo Instituto Nacional de Emprego e o Concello de Brión, cursos de formación profesional de VITICULTURA, GANDEIRA, TRACTORISTA e ALBAÑIL RURAL, que se celebrarán respectivamente en Bastavales, Luaña, Viceso e Brión. Terán unha duración aproximada entre dous e tres meses e medio, podendo asistir 15 alumnos por curso. Neste momento xa están tódalas prazas cubertas, pero espérase que máis adiante se convoquen outros cursos.

Especial interés reviste para nós o de ALBAÑIL RURAL, que vai adicado principalmente ós mestres de obras. Con el quere contribuír a dignificar tanto as reparacións de edificios antigos como os de nova planta.

Vemos como desaparecen nobles muros de cantería substituídos por outros modernos materiais. Así as aldeas van quedando sen personalidade, as casas cheas de friaxes e humida-

des, mal ideadas, sen conforto, mesmo que semellan unha labazada na paisaxe. Impera a moda...

Pero neste, coma en tantas cousas, para substituí-la pedra polo cemento, a tella do país pola uralita, a madeira polo aluminio..., hai que ter razóns moi poderosas, que frecuentemente non se teñen. Non é que esteamos contra o progreso; todo o contrario, soñamos con que todo o mundo poida dispoñer de vivendas dignas, confortables, espaciaosas, quentes de inverno e cheas de luz no verán... Pero tamén aspiramos a que non se perda o moito bo que herdamos dos nosos vellos.

A nosa comarca de sempre tivo sona dun certo refinamento na súa arquitectura. Pois temos que facer que non se perda.

Sabemos que os culpables desta desfeita non son sempre os constructores, senon os propios clientes.

TRANQUILIDADE NOS VICIÑOS DOS ANXELES POLO ARREGLO DAS ESCALEIRAS DO ADRO

Os viciños que ata agora acudían á parroquia dos Anxeles atemorizados polo perigo que supoña a baixada á igrexa dado o estado de desgaste que sufrían os chanzos das escaleiras, poden acudir máis tranquilos co remate do arreglo das mesmas.

Estes viciños, a maioría vellos —xa que os xóvenes ou non van a Misa ou van en coche— víñanse queixando desde hai tempo, do estado destas escaleiras, nas que o perigo de esbarar e caer, sobre todo cando estaban molladas, moi frecuente na nosa terra, era moi grande.

Tanto era así, que viase a xente subilas amodiño, apoiándose na parede como se subira para o calvario.

BOULLON: CONTENTO NOS VECIÑOS POLA APERTURA DA PISTA DO CAMIÑO SACRAMENTAL

Os veciños de Boullón están a celebrar a redacción do proxecto que abrirá a pista que, seguindo o camiño sacramental, xunguirá o lugar de Tembra con Boullón.

Esta pista supón unha longa aspiración dos viciños que colaboraron co Concello para que este proxecto, longamente esperado, poidérase levar a cabo no menor prazo posible de tempo, e no que hai que resaltar a decidida colaboración do cura párroco que dou tódalas facilidades para que este proxecto fora adiante.

Moitas veces o progreso, coa ollada posta nos grandes obxectivos, esquecese do valor dos medios tradicionais

Regulación do tráfico no cruce dos Anxeles

O Concello de Brión aprobou fai pouco, o proxecto de urbanización e regulación do tráfico rodado no cruce dos Anxeles estando á espera da súa pronta realización e que levará a cabo a Dirección Xeral de Tráfico.

O proxecto elaborado para o cruce componse da dotación de aceiras polas catro bandas nun tramo de 50 metros que levará conduction subterránea de cables, e alumeadado público. Estase xestionando tamén a inclusión do alcantarillado no proxecto, co que quedaría unha urbanización completa.

Ademais, este proxecto leva incluída unha regulación do tráfico rodado con 18 semáforos que utilizarán o sistema CAM (control automático) que limitará a 50 kilómetros por hora a velocidade dos vehículos que circulen por ese punto. Finalmente contará tamén con uns pasos de peatóns con barandas protectoras nas esquinas do cruce.

Dende hai tempo lévase estudando o procedemento de regulación máis idóneo para ese punto no que se xungue o elevado número de accidentes coas dificultades de cruce tanto da xente coma dos vehículos que van de Bastavales a Brión.

Este proxecto que costará ó redor de 17 millóns de pesetas, en total, ven a solucionar un grave problema de tráfico nesta zona e que se pensa regular de tal maneira que funcione normalmente na época de maior densidade de tráfico que coincide co vrán, deixando os semáforos intermitentes o resto do ano.

O sistema CAM, xa estabrecido en moitos Concellos, é o sistema idóneo para a nosa terra onde dada a dispersión das vivendas, a maioría delas na beiras das estradas, supoñen un serio perigo para a xente tanto polo aumento do volume de tráfico, sobre todo nas zonas turísticas, como polo aumento da velocidade que a mellora das estradas está a facilitar.

Ons e Cornanda Cambeos nas mesas electorais

Os viciños das parroquias de Ons e Cornanda poderán contar a partir da próxima convocatoria electoral con mesas propias nas súas localidades respectivas.

Ata agora os viciños de Ons, debían acudir a depositar o seu voto á parroquia de Viceso, namentras que os de Cornanda, á súa vez acudían á parroquia de Luaña.

As incomodidades que isto supoñía e os graves atrancos que se lles orixinaba a estos viciños, sobre todo os de maior idade, poderase rematar, xa que ó ter máis preto as mesas electorais, favorecerá que máis xente acuda

a votar e cumpra así co seu deber principal de cidadán, sen facer un gran sacrificio, tendo que acudir a votar moi lonxe.

Galicia, en comparanza con todo o territorio nacional, é a comunidade que ten o maior índice de abstención nas votacións. Quere isto dicir, que a maioría dos galegos despreocúpase do deber de votar e participar así no desenvolvemento a tódolos niveis da nosa terra, e que tan imprescindible nos é agora que estamos no mesmo camiño que Europa.

Favorece-lo aumento de persoas votantes, é xa para Galicia, a mellor proba de que o progreso tamén vai chegando ata nós.

Novo profesor de gaita para o Concello



chama este profesor— pasa a ser un dos intérpretes máis afamados e aplaudidos dos novos grupos do moderno folclor galego, e que leva por moitos países este novo xeito de interpretación da música galega.

Cursou estudos no Conservatorio de Música de Santiago, ata obter o grado profesional. Foi fundador do cuarteto tradicional "Faiscas do Xiabre" e do afamado grupo MILLADOIRO, que fai actualmente as ledicias de toda a xuventude galega, no que ve o símbolo do rexurdimento do novo folclor galego, e co que tantas veces sintense estremecer pola emoción que depara as súas pezas, que misturan, nunha máxica combinación, a frescura da súa orixinal interpretación coa esencia máis tradicional do noso rico folclor.

Tamén, este xoven músico, forma parte da Comisión Xestora da "Asociación de Gaiteros Galegos" que está levando a cabo unha meritoria labor de recopilación e estudo do folclor galego, na maioría das veces, xa esquencido.

As clases de música para os nosos nenos as está a impartir os luns e xoves en tres grupos repartidos nas dúas horas que ten asignadas para a súa labora.

O grupo de gaitas do noso Concello conta, dende o comenzo de curso, con un novo profesor de música que se fará cárrago da súa ensinanza e dirección.

O novo profesor é natural do Concello de Catoira e, a pesar da súa xuventude, ten unha sólida formación musical e unha ampla experiencia na interpretación de instrumentos, tanto clásicos como tradicionais.

Pero sobre todo na interpretación coa gaita, é onde Xosé Vicente Ferreirós —que así se

Bastavales Milloras no campo de fútbol

No campo de fútbol de Bastavales están a estudar, xunto coa cesión dos terreos ó Concello unha serie de melloras que doten ó campo duns servizos imprescindibles e do que ata agora era deficitario.

Entre estas melloras encóntranse a traída de augas e a dotación do alumeadado.

A cesión dos terreos ó municipio, en vez de ser propiedade do Club, trae como consecuencia a atención do Concello á

súa millora e a preocupación polo seu mantemento xunto cos equipos que o disfrutan.

Tamén temos noticias do Club de Bastavales que este ano pensa promocionar un equipo de infantís co que tratan de atraer á xuventude para a práctica do fútbol e así ir mellorando pouco a pouco a súa canteira que lle permita o ascenso de categoría sen un elevado coste económico, como sería o caso de ter que recurrir a fichaxes de xente de fóra.



O Colexio de Brión sede dos XV Xogos escolares comarcales

Este ano, o colexio de Brión será o encargado da organización dos xogos escolares que, por quince anos consecutivos, ven reunindo a numerosos colexios da comarca nunha confrontación deportiva que se desenrola o longo de todo o ano.

O noso colexio, a pesar da longa tradición destes xogos, vai participar iste ano por terceira vez consecutiva.

O ano pasado, segundo da participación, alcanzou, en xeral, uns brillantes resultados, sobre todo, na especialidade de Atletismo infantil ó proclamarse o equipo feminino, despois de gañar o campionato provincial, subcampeón de Galicia.

Estes Xogos escolares desenvólense en tres fases: Primeira, no mes de Nadal levarase a cabo a primeira confrontación na especialidade de Campo a Través. Segunda, coincidindo co segundo trimestre, adicarase ó deporte de asociación nas modalidades de baloncesto e Voleibol para nenas e, para os nenos, fútbol e balonmán. Para estes deportes establécense catro categorías: benxamins ata os dez anos, alevíns ata os doce, infantís ata os catorce e cadetes ata os dezaseís. A terceira fase adicarase ó Atletismo, tamén nas catro categorías antes expostas.

As vantaxes de ser sede

dos xogos son principalmente de índole económica, e que logo rebordarán na mellora das instalacións deportivas e a dotación de moderno material.

Os Xogos escolares están financiados por diferentes entidades, tanto públicas coma privadas: Colexios, Concellos, Diputación, Xunta, bancos, casas comerciais, axudas privadas, etc. O traballo material que o aspecto organizativo leva, recaerá sobre os mestres, pais e Concello.

Estes Xogos escolares, ademais do aspecto deportivo, teñen unha fase cultural na que tódolos colexios participantes seleccionan a dous alumnos por cada nivel para a modalidade de debuxo, e outros dous para redacción e que logo enviarán, un día sinalado, a competir no noso Colexio nestas modalidades culturais, dotadas de diferentes premios.

Tamén están incluídos como deporte o Xadrez e o tenis de mesa. Aínda que no noso Colexio non hai moita afición por eles, estase a tratar de implantalos.

O deporte, ó contrario do que moitos pais pensan, poucas veces interfere nos estudos, e, sen embargo, favorece que os rapaces convivan con outros nenos, teñan unha fonte de satisfaccións e, coa súa práctica habitual, alonxen os perigos da droga e a delincuencia.

Favorece-lo deporte, é favorecer-la saúde e o futuro da nosa xuventude. Non esquezamos esta verdade. Pódenos pesar.

GRAN EXITO POPULAR NA PROGRAMACION DEPORTIVA DE SANTA MINIA

Xa vai sendo tradicional que as festas de Santa Minia conciten unha variada gama de actividades deportivas de indubidable enraizamento na comarca. Se ALTAMIRA se ocupa aquí do tema non é pola noticia en si, dabondo coñecida por todos, senón polo impulso que poden ter no futuro.

Especial mérito teñen os organizadores do Trofeo de Fútbol, co animoso concellal de deportes Manolo Gendra ó frente, que, desde hai tres anos, veñen conseguindo a confrontación de tódolos equipos parroquiais do Concello. Este ano, o mesmo que o pasado, fíxose coa copa de Campeón o clube da Luaña. En 1983 fora o Bastavales. Non estivo nada mal a recaudación, pois conseguiron repartir 35.000 pts. netas para cadanseu equipo.

Na Carreira Pedestre, que vai concentrando cada ano figuras destacadas do atletismo galego, participaron 200 corredores. Foi gañador absoluto Pedro Delgado, de Santiago. Non acostuma ser moi nutrida a participación de corredores locais, pero vai en aumento, e cómpre salienta-la súa calidade: a primeira muller que chegou á meta foi M.^a Anxeles Grobas, integrante do equipo feminino de atletismo do Colexio de Brión.

Quizais a proba máis popular sexan as carreiras de Cabalos. Non é espectáculo frecuente, ver reunidos 100 cabalos de fermosa estampa, nin tampouco ver a máis de 7.000 persoas admirando as súas fogaxes nas probas de velocidade, ou os zangoneos señoriteiros nas de doma vaqueira e alta escola.

Non haberá moitos lugares no país onde se poida contemplar semellante espectáculo. Hai que dicir tamén que a organización vai mellorando de ano en ano.

Está prendendo forte na nosa comarca a afición ós cabalos e cremos que debe ser ben vida, e non só polo seu tipismo. Tampouco estamos a referirnos exclusivamente á crianza dos cabalos de raza. Pensamos na cría de cabalos en xeral e moi especialmente na de cabalos en liberdade.

O equipo da Luaña campeón do III trofeo "Concello de Brión"



O equipo da S.D. Luaña foi o brillante vencedor do III trofeo municipal que organiza o Concello de Brión co gallo da festa de Santa Minia.

A S.D. Luaña foi fundado no ano 1983 a nivel de federado, participando na terceira rexional, zona do Sar, e na que quedou clasificado nas dúas primeiras temporadas no 5º lugar da clasificación xeral.

Os seus xogadores son a maioría da canteira, é dicir, da Luaña.

Participou nas tres edicións do trofeo do Concello de Brión, sendo campeona en dúas ocasións.

A S.D. Luaña conta con unha masa social de 250 socios que son os que aguantan economicamente ó club.

Xoias Artísticas á espera dunha axuda:

Os nosos cruceiros

Xoan O. Carballeira

O Concello ven de confeccionar un presuposto para reparar tódolos cruceiros do término municipal. Entre aseguralas pezas, repoñer cruces, reparar mans, pernas e cabezas dos "santiños" e nalgún caso arredalos do medio dos camiños, farán falla a carón de millón e medio de pesetas.

Abofé que teñen boa necesidade: dos 58 que aínda se conservan espallados por aldeas, camposantos, adros das igrexas, camiños, hortas, mesmo no medio do monte, apenas atopamos 20 que non necesiten cuidado urxente. Semella coma se tódalas forzas deste mundo e máis do outro bateran contra deles: raios, vendavais, tractores, deixamento de todos...

Sen embargo, aí están, mudos testigos do paso do tempo, moitos deles derramados co seu varal ergueito cara o ceo, sen cruz, coma unha man toca de defunto que emergullara da tumba pedindo xusticia.

Xa Castela, no seu monumental libro "As cruces de pedra na Galiza", se laiaba de que "cruceiro que cai xa non volve a erguerse a non ser que sexa propiedade dunha casa aldeán". Nós teríamos que engadir: "... agora nin siquera eses".

Dóenos ver cruceiros arrincados dos seus primitivos emplacements — en moitos casos con nocturnidade e alevosía— para empoleira-las casas de campo dos señoritos; pero máis nos doe ve-lo abandono en que están a maior parte deles.

O QUE VALE UN CRUCEIRO

Un cruceiro, por humilde que sexa, non é unha antigüalla sen valor. Ollade o que di Castela: "O cruceiro galego... sirve para santificar camiños e encrucilladas, guiar pelegríns e servirles de acomodo para repouso e oración, anunciar ós romeiros a proximidade dos santuarios, testemuñar as promesas, indicar sepulturas en descampado ou mortes violentas, rememorar feitos históricos e lendarios, impetrar de Deus o fin dalgunha calamidade pública, demandar ou agradecer algún favor do ceo, deslindar o termo das cidades, vilas, feligresías e outras xurisdiccións, protexer os campos de feira e salvar de feiticerías ó gando, satisfacer penitencias reparado-



ras de certos pecados, gardar de todo influxo demoníaco os casaes labregos ... Os cruceiros son algo máis do que os nosos ollos ven neles...". "Reparade nos cruceiros e atoparedes moitos tesouros".

OS CRUCEIROS DE BRION

Hainos verdadeiramente monumentais, de grande profusión de motivos ornamentais e perfección de formas. Entre eles habería que salientalos de Mourentáns, Bemil, os dous da Igrexa da Luaña e tamén os de Sabaxáns e Boullón, hoxe moi mutilados.

Teñen feitura arcaica e de gran sabor popular o do cemiterio dos Anxeles (mudado hai pouco da beira dun camiño en Buio), o deSoigrex (os Anxeles) e o de Adoufe, o da igrexa de Brión, o de Salaño Grande, o de Vilar, etc.

Non abundan os do tipo capela ou Loreto, máis os tres que existen son de

indudable valor artístico: os dous de Vioxo de Abaixo e o de Pousada.

Só 18 teñen a cruz espida; 31 teñen crucifixo esculpido máis ou menos artisticamente; os 9 restantes están derrubados. Aquí compre sinalar que a causa da caída de moitos cruceiros foi o xeito de quererem mans inexpertas aseguralas pezas taqueando os espigos con lamias de ferro; co tempo o ferro oxidase e os espigos escachan.

Descoñecemos a orixe da maior parte deles, pois como queda dito, foron nacendo amparados na piedade popular en distintas épocas e por distintos motivos. Poucos conservan a data de construción; polo que poidemos saber, o máis antigo sería o "da Goriña", en Pousada-Viceso: nunha longa inscrición de difícil lectura consta o ano 1673.

Non é raro, en cambio, que leven gravado o nome da familia que o pagou. Así, o de Vioxo de Arriba: "Devoción de Andrés Rodríguez y mujer, Juana Pérez"; o "da Goriña": "Este cruceiro mandó haser Pedro Vasques y su mujer Dominga Dias". Chamounos a atención unha pedra chantada na beira dun camiño en Gronzo, na que a penas se debuxa a cruz; de primeiras, parecería anterior ó tempo dos cruceiros, pero é recente. Vede a súa inscrición: "J(osé) F(olgar). 1909. Dios te ve, te juzgará". Na aldea aínda hai quen coñeceu ó autor e, polas trazas, ou non tiña posibles para facer obra de máis fábrica, ou considerou dabondo perpetua-la súa devoción naquela pedra que cáseque non semella cruz.

Quedaron totalmente no anonimato os artistas que realizaron os cruceiros: a arte popular sempre é anónima; será para que máis se vexa que naceu do pobo e ó pobo pertence.

Só se conserva na memoria o autor do máis recente, o de Corruído: é obra dun curioso canteiro sen mestre e sen escola que vivía na aldea de Rúa de Francos (Calo). Chamábase Cornes e morreu hai uns quince anos. Da súa vida, entre pícara e artista, cóntase que os materiais para o seu taller os ía arrapañar nos muros do Castro Lupario e que era tan arrizado polo fútbol que chantou o escudo do Celta na fachada da súa casa. Deste artista é tamén a fonte de Santa Minia.

Fai ben o Concello de Brión en querer reparalos nosos cruceiros e ben faremos todos en conservalos coma ouro en pano. Atreveríame a pedirlle ós crentes que, cando pasen pé dun cruceiro, boten ó ceo unha oración polo ben da terra que santifican, e a todos unha ollada de admiración e respecto.

Continúan a desenrolarse etapas do estudo para a creación de Agrupacións de Propietarios Forestais

por Grupo de Traballo Forestal (G.T.F.)



Esta aérea do lugar de Mouredans (parroquia de Viceso) feita polo Equipo de Traballo Forestal.

No noso artigo anterior na revista "Altamira" tratábase de expor cales son os motivos da realización deste estudo e citábase as bases teóricas de traballo para o seu desenrolo. Nesta

nova colaboración damos conta de cales foron as actividades do verán e dos traballos que se están a realizar na actualidade.

En primeiro lugar queremos dá-las grazas pola agradable acollida que nos dispensaron tódolos veciños d Ons e Viceso, especialmente ós que nos acompañaron nas visitas ó monte e ós que proporcionaron información ó equipo sociolóxico que os visitou casa por casa en cada aldea. O noso traballo consistiu en coñecer o monte das dúas parroquias e o que opinan e esperan del os seus propietarios. Tocante ó monte, ¿que aspectos fundamentais se teñen posto de manifesto ata o momento? A esta pregunta queremos respostar separando os aspectos positivos e negativos que temos observado:

a) Aspectos positivos

— A totalidade da superficie que está adicada a monte reúne boas condicións para a produción forestal e os crecimentos poden supera-las medias galegas para as dúas especies máis extendidas (piñeiro e eucalipto) na zona.

— A rexeneración natural nos piñeiros é excelente cando estes se atopan limpos de mato.

— A infraestrutura de camiños e pistas forestais é boa se exceptuamos as ladeiras dos montes que lindan coas marxes do embalse Barrié de la Maza. Isto supón que soamente hai que mellorar esta rede de pistas, o que resulta máis económico que invertir na súa construción.

— Na arboreda non se detectaron pragas ou enfermidades graves. Tense constatado que a causa de que sequen e morran os piñeiros é debido á queima de mato e pólas en fogatas en pleno monte, polo que se debe evitar rigurosamente esta práctica.

b) Aspectos negativos

— A maior parte dos montes están cheos de mato moi combustible, o que supón un elevadísimo risco de incendios.

— A composición da arboreda, aínda que con predominio do piñeiro marítimo, é moi heteroxénea e irregu-

lar (mistura de especies e árbores con diferentes idades) o que fai moi complicado o seu manexo técnico, comprende orientalo a masas máis homoxéneas (unha soa especie) e regulares (idade similar nas árbores).

— A fraguiza (espesura dos bosques, indica o espazo que ocupan as árbores) é normalmente defectiva (baixa), o que provoca unha infrautilización do chan, un maior desenrolo do mato ó ter máis luz o chan e unha maior proporción de póla nos troncos das árbores. Todo elo provoca unha produción inferior en volume e calidade.

— Os cuidados que recibe o monte son moi escasos e en ocasións realízanse de maneira defectuosa (ó podar déixase parte da póla pegada ó tronco o que produce "saltadizos" na madeira aserrada).

— Os métodos de corta que se seguen a empregar non son adecuados para obter unha boa rentabilidade xa que se reservan as árbores peor conformadas e extraíense as milloras, igualmente reproducense árbores dos piores pais.

— A mecanización dos labores, como é a limpeza do mato, é moi dificultosa xa que non existe ningunha orde nin control sobre as prantacións, comprende pensar no futuro e prantar cun marco axeitado e en liñas para poder desbrozar a máquina.

Todos estes aspectos selvícolas son entre outros moitos, os que nestes momentos se están a considerar para poder ofrecer solucións de mellora ó monte destas dúas parroquias dentro do marco de Agrupacións Forestais. ¿Qué liñas de mellora se van perfilando a medida que avanza o estudo?

— Un dos obxectivos de maior urxencia é reduci-lo risco de incendios, neste senso aportámo-las seguintes solucións:

1.- Acceso ó máximo de axudas que proporciona para ese fin a Administración Forestal.

2.- Aproveitamento mixto do monte, é dicir, a posibilidade de introducir gando no monte para controlalo mato. Nisto baseámonos nas experiencias realizadas polo Centro de Investigación de Lourizán. A

título orientativo pódese dicir que se teñen realizado ensaios moi positivos con cabalo, cabra, ovella, vaca e porco, este último moi eficiente contra o feito, anque os máis recomendables parecen resultar o cabalo e a cabra.

4.- Limpeza mecanizada e semi-mecanizada mediante desbrozadoras e motosegadoras ou desbrozadoras de mochila, respectivamente. As primeiras exixen un mínimo de ordenación que na actualidade non existe no monte, pero que é indispensable para o futuro; as segundas (desbrozadoras de mochila) son menos exixentes en canto ás condicións do monte pero requiren unha boa aprendizaxe para o seu manexo, se se lle quere obter un bo rendimento.

— Outro dos obxectivos considerados é prantar coas especies idóneas, segundo o obxectivo final que pretenda conseguir o propietario; para elo débese prantar e sementar con pranta ou semente que ofrezca garantías de calidade e con marcos de prantación adecuados a fin de posibilita-la mecanización das operacións posteriores de cultivo e aproveita-los recursos

do chan ó máximo, así como aumentalas producións en calidade e volume.

Estos obxectivos que citamos forman parte do conxunto de factores que están incidindo no. diseño e elección das liñas de mellora por parte deste Equipo Técnico-Sociolóxico, pero por riba de todas elas as decisións finais corren a cargo do propietario-selvicultor. As informacións recollidas directamente en cada aldea nas sucesivas reunións que tivemos ata o momento, indicánnos que o propietario de Ons e Viceso está moi preocupado polo futuro dos seus montes e que lle compre atopar solucións para te-las súas fincas en boas condicións para a produción. Boa proba de elo é que dentro do concello de Brión, duramente castigado polos incendios este ano, as parroquias que non sufriron danos, foron as de Ons e Viceso, gracias ó elevado nivel de participación dos seus veciños nas tarefas de vixilancia e extinción de incendios. Isto indícanos que o grado de solidaridade nestes traballos é grande e que se pode pensar que este tipo de colaboración pode obterse para a realización de traballos

que preveñan os incendios e aumenten a produción de madeira. Esta nova maneira de concebi-los traballos forestais nos que a participación do propietario nas decisións sobor do monte e a súa aportación en capital-traballo ou en inversión económica, son as claves que nesta etapa do estudo están a ser utilizadas para o diseño das Agrupacións Forestais en Ons e Viceso.

Cunha arboreda de "eucalipto" estanse utilizando cargas dunha besta e catro cabras por Ha., pastando o gando en rotación e con resultados moi satisfactorios.

3.- Utilización do mato e refugallos de corta con fins enerxéticos; na actualidade xa está en funcionamento e primeira factoría en Galicia para a transformación do mato (fundamentalmente toxo) e pólas de piñeiro en material combustible (Vaise usar en caldeiras industriais e cocifas).

Isto esixe que este mato e pólas sufra unha operación de astelado no monte, o que supón dispoñer de máquinas asteladoras móbiles acopladas a tractor.

PASATEMPOS

CUADROGRAMA

	1	2	3	4	5	6	7	8
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								

HORIZONTALES

- 1.— Non está con ninguén. Ave mitolóxica que unha vez morta rexurdiu de entre as súas cinzas. O dez en cifras romanas.
- 2.— Siglas dunha organización política que asasiña na Arxentina. O revés, principio espiritual chino. Doble vocal.
- 3.— Non útil. Consoantes.
- 4.— Gasta a súa fortuna sen ton nin son. Díse cando algo doe.
- 5.— Castelo dos moscosos en Brión.
- 6.— Abundante. Símbolo químico do estaño.
- 7.— Metal líquido.

VERTICALES:

- 1.— Marcha dun recinto. Consoante.
- 2.— Vocal. Coor azul. Pronome.
- 3.— Nome do xuíz que condenou a Santa Minia. Consoante.
- 4.— Vocal. Festival Iberoamericano da canción. O revés, Central de intelixencia americana.
- 5.— Ascendente, que da da vida. Matrícula dos coches de Ibiza. En castelán, pronome personal.
- 6.— O revés, pago por patentes estranxeiras.
- 7.— Poñer a Deus por testigo. Preposición afirmativa.
- 8.— Emperador reinante cando o martirio de Santa Minia.



PRA RECORDAR

1.- Diante da Carballeira de Santa Minia hai unha fonte que téñ unha estatua enriba. Isa estatua representa a un Deus pagán adorado na antigüidade polos gregos e logo, despois, polos romanos. ¿Recordades o nome dese deus?

2.- O Corpo de Santa Minia foi traído de Cádiz, onde era venerado nun oratorio particular dunha nobre e ilustre familia, no século pasado por un viciño de Brión. ¿Recordades o seu nome?

PRA CAVILAR

1.- Xan dílle a Pedro cando lle preguntaba pola súa idade: teño o dobre de anos que ti tiñas cando eu tiña a idade que ti té; e cando ti teñas a idade que eu teño, xuntos teremos 54 anos. Poderías averiguar a idade de Xan e de Pedro.

2.- Nunha casa hai dou reloxes, un está completamente parado e o outro adianta tres minutos cada hora. ¿Qué reló marcará máis veces a hora exacta nunha semana?

PEDRO MUÑIZ:

Un arcebispo Brionés



Don Pedro Muñiz, Arcebispo de Santiago de Compostela. O seu busto está na Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela.

O noso Concello ten un rico pasado histórico cheo de feitos e persoaxes que tiveron unha destacada labours nos principais acontecementos do seu tempo. D. Pedro Muñiz IV, foi un ilustre paisano noso que ante todo, brillou polo seu celo e afán en eleva-lo nivel cultural do clero compostelán.

Don Pedro Muñiz IV, Arcebispo e Santiago (1206-1224). Un Brionés ado no vilar de Liñares. Unha vida on recendo de santidade. Sempre imbrarei a grata emoción que me ausou oír de Pío XII unhas palabras ronunciadas en ocasión solemne imbrando ó noso esgrevio paisano:

Santiago Sede de prelados ilustres como Diego Gelmírez y Pedro Muñiz..."

Era Bispo de León cando os reingos de Santiago nomeárono para acederlle ó insigne D. Pedro Suárez de leza, recordado pola construción do órtico da Gloria, a composición máis admirada da escultura medieval. En Compostela decontado alumearon as oas prendas de Pastor que adornaban D. Pedro Muñiz. En febreiro de 1207 -poucos meses despois da súa ección— promulgou unha Constitución co mentes de percurar o nivel máis lóneo de preparación intelectual do lero compostelán. Con exquisita rudencia e discreción —cualidades ue lle reconece unha elevadísima roalidade do seu tempo— foi afrontando as trelas espiñosas pranadas polo Cabido compostelán no oncello de Santiago, a anterga stitución que acadara un desenrolo nportante tras dous séculos de storia.



Tumba do Arcebispo Pedro Muñiz no Pórtico da Gloria da Catedral Compostelán

Era moi apreciado por Papas e Reises. Inocencio III concedeulle, ademais de especiais prerrogativas persoais, a honrosa e delicada misión de dirimir graves asuntos da Igrexa ou de alta diplomacia. Moito teriamos que dicir da simpatía con que o arrodeou sempre o Rei leonés D. Alfonso IX. Abondará escolmar só dúas verbas que lle dirixe o Monarca nunha histórica carta: "affectuossimis precibus..." Mais coidamos que o rasgo mais noble da súa vida é o celo que manifestou en defensa dos mais febles. No outono de 1219 conquiriu detallados informes sobre as competencias do Persegueiro Maior e Subalternos pra atallar as súas demasías.

Na Pascoa de 1211 consagrou a Catedral coa presenza de toda a Corte e prelados. Aínda podeades ve-las doce cruces conmemorativas chantadas nos muros.

Dichoso pontificado de D. Pedro Muñiz que poido contemplar o momento cenital da Peregrinación: Príncipes, bispos, penitentes, santos. San Francisco de Asís —1214—, Santo Domingo de Guzmán —1220— van broslando unha páxina de ouro da Historia compostelán.

O pé do Pórtico da Gloria repousa o seu sartego con un dístico encol da lápida e a data do seu pasamento, 29 de xaneiro de 1224.

A sona postumeira non foi acorde cos méritos de tan digno Pastor, pois blasmárono de nigromántico ou dado á maxia e de que fora por esto recluído no Mosteiro de S. Lourenzo de Santiago. Mais estas faladurias acontecen en época moi serodia —catro séculos despois—, como fai o Padre Gonzaga no seu tratado sobre da orixe da seráfica relixión franciscana —edición de 1678—. Parellas endrómenas conta por aquel tempo o abade de Leiro, Amaro González, que achándose D. Pedro en Roma unha noite de Nadal, poido vir polo ar deica Santiago e chegar ó canto da última lección de Maitines. Brinca á vista o que trafegou nestos relatos a fantasía popular.

Un Diploma de D. ALFONSO IX, en que lle outorga a última donación para a Igrexa de Santiago, datada un mes denantes da súa morte e o Testamento do Bispo de Zamora, ilustre Mecenas galego, que lle prega a D. Pedro protección para o Mosteiro por el fundado, testemuñan a reputación inmaculada do noso preclaro compatriano ata o fin da súa preciosa vida.

Os eidos de Liñares donóunos con outras adquerencias en marzal de 1214.

BENITO SALVADO MARTINEZ

MARCELINO
LEMA
LOBATO
LEMA



ASERRADERO
ASTILLADORAS
MADERAS

Fábrica y Oficinas:
Telf. (981) 883034 - Part. 590191
BASTAVALES - SANTIAGO
(Coruña - España)



Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83
LOS ANGELES

SANTIAGO

Construccions

FRAGA

Obras de Albañilería en xeral
BRION



SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12
SANTIAGO DE COMPOSTELA
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION
ESTUDIOS, PROXECTOS E PRESUPOSTOS
CONSERVACIONES, REPARACIONES
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS



GALLINA BLANCA
PURINA

COMERCIAL AGRICOLA
DA MAHIA, S. L.

Teléfono 88 32 50
OS ANXELES
BRION



ASOCIACION CIVIL
AMIGOS DE SANTIAGO

Restaurante
"O' FUMEIRO"

CARACAS - Venezuela

(Concesionario: Juan Fresco Fernández)



Carpintería - Mobles - Electrodomésticos
Tel. 88 33 33 - BASTAVALES BRION
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PANADERIA

SERRAMITO

Os Anxeles-Brion
Tel. 88 31 55

Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico
Sanitarios - Abonos químicos
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

ARTE EN PEDRA



Tfno. 811704

*CRUCEIROS
HORREOS
ESCUDOS
CHEMINEAS
FONTES
BANCOS
ESCULTURAS*

AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10
SERVICIO OFICIAL

SEAT



CARNICERIA

ANICETO

OS ANXELES - BRION
TELF. 88 31 80

AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:
BASTAVALES

SANTIAGO

FERRETERIA "SANTA MINIA"

Teléfono 88 30 10

José Caramés
Brion (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento,
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,
Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio,
Traídas de Auga, etc.

CAJA RURAL PROVINCIAL LA CORUÑA



Grupo Asociado Cajas Rurales - Banco de Crédito Agrícola